



MISS CROQUETA – XUÑO 2024
santacombadetapaentapa2024
BASES

A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G15551104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, de Santa Comba, cos seguintes contactos 981818604 e 633181817, organiza a primeira campaña Miss Croqueta coa finalidade de promover o sector da hostalería local.

- Poderán participar tódolos establecementos de hostalería locais.
- **Horario e días de degustación das croquetas**
De venres a domingo durante dúas fins de semana, os días 7-8-9 e 14-15-16 de xuño.
Venres, Sábado e domingo de 12:00 a 15:00h. e de 19:00 a 23:00h.
(Do 7 ao 16 de Xuño).
- A entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Santa Comba) entregará a cada local participante un cartel identificativo, unha urna e pasaportes.
- Promocionarase esta campaña a través de cartelería física, prensa, redes sociais e web da entidade.
- **As croquetas deberán ser de elaboración caseira. Queda totalmente prohibido o uso de croquetas precociñadas. Todo aquel local que infrinxa este punto será inmediatamente descalificado, e eliminarase a súa participación na ruta.**
- **Premios aos mellores tapeadores.**
Os pasaportes cubertos con tódolos selos dos locais participantes e depositados nas urnas, entrarán no sorteo dos seguintes premios:
1º premio: Vale de 120€ no local que acade o 1º premio.
2º premio: Freidora de aire Cecotec.
3º premio: Estoxo de viño.
- **Sistema de Valoración das croquetas:**
De tódolos pasaportes completos, os tapeadores escollerán por medio das súas puntuacións a un só local gañador.
- **Premios aos locais participantes:**
Tódolos locais recibirán un diploma acreditativo pola súa participación na I edición de Miss Croqueta e o gañador recibirá ademais un trofeo.
- O sorteo dos tapeadores e entrega dos premios aos locais será o Xoves 20 de Xuño (hora por definir).
- Cada local de hostalería participante supón a aceptación das bases.

PREZO DAS CROQUETAS 2,00€/2uds
1 TAPA POR CONSUMICIÓN

Presidente
Diego Vilas Boga

Santa Comba, 22 de Maio de 2024.